

MANIFESTO

En favor da Educación Tecnolóxica

O noso Sistema Educativo afronta unha nova reforma xeral coa próxima Lei Orgánica de Educación. Preténdese, con iso, proporcionar estabilidade ás nosas escolas, sometidas nos últimos 15 anos ó vaivén de varias reformas xerais ou parciais, ó tempo que se aposta por unha modernización imprescindible que responda ás necesidades actuais e futuras da nosa sociedade.

Esta dobre finalidade reforza a transcendencia das decisións que se adopten para a redacción da nova Lei que se prefigura co Anteproxecto presentado nestes días. Compartindo os ornamentos fundamentais do mesmo, queremos expresar, porén, a nosa máis profunda sorpresa e o noso pleno rexeitamento pola forma en que formula a organización de materias e áreas de formación que, en clara contradición coas intencións xerais indicadas en dito Anteproxecto e coas recomendacións europeas e internacionais, marxina ata case a súa desaparición á educación tecnolóxica.

Lamentamos ter que denunciar este grave erro que hipotecaría, sen dúbida, o futuro dos nosos alumnos e alumnas e, en consecuencia, o do conxunto da sociedade. A pesar da evidente presenza da tecnoloxía nas nosas vidas propónse organizar o ensino sen considerar a súa enorme relevancia recuperando, deste modo, antecedentes claramente regresivos do noso pasado, onde o acceso á educación secundaria e superior quedaba reservado a un reducido número de persoas previamente destinadas a cubrir os postos da elite cultural, financeira e produtiva. Esta é a orixe, precisamente, dunha das grandes disfuncións do noso Sistema Educativo cando promove nas aulas a aprendizaxe de contidos e o emprego de formas de traballo que se encontran moitas veces afastados das necesidades e intereses reais dunha educación dirixida para o benestar e desenvolvemento de toda a sociedade.

Unha das grandes virtudes da Lei de Organización Xeral do Sistema Educativo (LOGSE) de 1990 consistiu en superar eses esquemas e introducir o ensino da tecnoloxía nos diferentes niveis educativos mediante a incorporación de contidos de tecnoloxía na Educación Primaria, a creación dunha Área de Tecnoloxía na Educación Secundaria Obrigatoria, presente en todos os seus cursos, e a habilitación dunha modalidade de Tecnoloxía no Bacharelato. Con iso pretendíase cubrir un baleiro tradicional do noso Sistema Educativo enraizado en actitudes seculares de desdén para a actividade tecnolóxica e que hoxe, máis que nunca, resultan de todo punto inaceptables.

O camiño percorrido polos ensinos de tecnoloxía durante estes escasos once ou doce anos foi extraordinariamente difícil, non só pola novidade das mesmas senón, especialmente, polo escaso apoio á súa implantación que moitas veces se converteu nun verdadeiro obstáculo, cando non unha clara agresión, á reducir a súa carga horaria a pesar do extenso do seu curriculum, infradotar en recursos de persoal e materiais ou dificultar o acceso ós ensinos de tecnoloxía do Bacharelato.

A pesar de todo, un bo número de profesoras e profesores titulados en Ciencias, Enxeñerías e Arquitectura, lograron sacar á luz unhas prácticas educativas de extraordinario valor, cargadas dun magnífico potencial innovador. Grazas ó esforzo destes profesionais podemos constatar hoxe que a Educación Tecnolóxica nos nosos centros resulta imprescindible porque:

- Trata sobre o ámbito cultural de maior extensión, relevancia e singularidade da evolución humana.
- Desenvolve capacidades esenciais do ser humano vinculadas ó proceso de resolución de problemas reais.
- Garante a preparación técnica necesaria para os cidadáns e cidadás do século XXI que realizarán a maior parte das súas actividades nun ambiente profundamente tecnolóxico.
- Permite apreciar o valor e dignidade de todas as actividades tecnolóxicas que exercen as e os diferentes profesionais no sistema produtivo.
- Orienta e estimula para estudos científico-tecnolóxicos de superior nivel asegurando a demanda de profesionais técnicos e persoal investigador cualificado.
- Anima á reflexión crítica sobre o desenvolvemento tecnolóxico desde o coñecemento dos seus principios e procesos e non desde posicións máxicas ou demagóxicas.
- Contribúe a superar barreiras de xénero mediante as cales se marxinaba ás mulleres na formación e o desempeño de actividades técnicas.
- Proporciona funcionalidade e reforza as aprendizaxes dun bo número de conceptos científicos e matemáticos.
- Xeneira ambientes de traballo de gran interese e estímulo para o alumnado onde foméntase o traballo en equipo, a cooperación e a asunción de responsabilidades.
- Potencia a creatividade, a autonomía e o espírito emprendedor, calidades cada vez máis valoradas e necesarias na nosa sociedade.

Calquera destas razóns, por si soa, xustificaría unha presenza clara e decidida dos estudos de tecnoloxía. A suma de todas elas converte á Educación Tecnolóxica nun pilar fundamental de calquera Sistema Educativo moderno que aspire á formación integral de todas e cada unha das persoas ás que vai dirixido. Por todo iso:

- ➔ RECLAMAMOS PARA A EDUCACIÓN TECNOLÓXICA O CARÁCTER DE ESTUDOS BÁSICOS E TRONCAIS NO ENSINO OBRIGATORIO.
- ➔ FORMULAMOS A NECESIDADE DE VÍAS DE FORMACIÓN NO BACHARELATO QUE ORIENTEN E ESTIMULEN PARA ESTUDOS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICOS DE NIVEL SUPERIOR APOIADAS EN MATERIAS PROPIAS DE TECNOLOXÍA.
- ➔ SOLICITAMOS DAS AUTORIDADES EDUCATIVAS UN ESFORZO URGENTE EN RECURSOS E CONDICIÓNS QUE POTENCIEN O ENSINO DA TECNOLOXÍA NOS DIFERENTES NIVEIS EDUCATIVOS.

Plataforma Estatal de Asociacións do Profesorado de Tecnoloxía

APTA (Andalucía); APTA (Ávila); As. Agustín de Bethencourt (Canarias); APTC (Cantabria); APTC (Cataluña); APTCR (Castela-A Mancha); APTEX (Estremadura); APETEGA (Galicia); APTELE (León); APTE (Madrid); ATECMUR (Murcia); APTENA (Navarra); APTLR (A Rioxa); APTCV (Comunidade Valenciana); APTEVA (Valladolid)